

(Puisis)

Compostela, 2-VI-73

Querido Luis:

O outro día preguntáchesme o teléfono do Cilistro e eu nono lembraba de memoria. Hoxe mándochu por si precisas chamalo. É este: 21-16-85. Con Lugo aínda non se marca directamente.

Pola miña parte tamén che quería pedir o enderezo do Antonio Pérez Prado, pois teño que lle escribir decíndolle que recibín o seu libro.

O Ramón Martínez López quer preguntarche datos sobre a literatura galega no exilio, porque está encargado de escribir un traballo sobre ese tema pra unha obra colectiva sobre a cultura española no exilio. A el encarrégáronlle a parte galega por indicación de Dieste.

Apertan nosas pra os dous

Ramón